

OrientaSon 2024:

VIII LIGA LOCAL DE PROMOCIÓN DA ORIENTACIÓN CONCELLO DE PORTO DO SON

REGULAMENTO

ÍNDICE

1. DENOMINACIÓN
2. OBXECTIVO
3. ORGANIZACIÓN
4. INSCRICIÓNS
5. CATEGORÍAS
6. RESULTADOS
7. SUSPENSIÓN DE PROBAS
8. RECLAMACIÓNS
9. DISPOSICIÓN FINAL

-
- ANEXO 1: CATEGORÍAS E COTAS 2024
 - ANEXO 2: CALENDARIO LIGA

1. DENOMINACIÓN

Orientason 2024: VIII Liga Local de Promoción da Orientación Concello de Porto do Son.

2. OBXECTIVO

O obxectivo principal da liga é promover e fomentar o deporte da Orientación e o deporte de base para dalo a coñecer ós veciños/as do Concello de Porto do Son e a calquera outra persoa interesada, independentemente da súa idade ou sexo.

3. ORGANIZACIÓN

A organización da liga e das probas que a compoñen estará a cargo da Asociación Deportiva e Cultural ARNELA (ADC ARNELA), coa colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Porto do Son.

4. INSCRICIÓNS

- As inscricións dos deportistas nas distintas probas serán realizadas a través do formulario correspondente a cada proba, que estará habilitado na páxina web do club (www.adcarnela.wix.com/web), nas RR.SS. e na web da Fegado (Federación Galega de Orientación).
- Para formalizar a inscrición deberanse facilitar os seguintes datos: **DNI, nome, apelidos, data de nacemento, teléfono, localidade, correo-e e categoría** na que desexa participar; así como o **número de tarxeta SportIdent e número de licencia FEDO** (en caso de posuílas).
 - En caso de non poñer un número de tarxeta Sportident a organización asignaralles unha Pcard.
 - En caso de non dispor de licencia anual de orientación o club ADC Arnela tramitaralles unha licencia de proba a partir dos datos facilitados (deberán ser estritamente correctos para que dita licencia sexa válida a tódolos efectos).
 - A falta de calquera dos datos obrigatorios fará a inscrición nula.
- **As inscricións dos deportistas federados** deberán ser efectuadas **antes do martes ás 22:00 h, da semana da proba**. Máis tarde, a organización poderá non aceptalas ou consideralas “con recargo” (ver Anexo 1). Calquera modificación deste punto será informada a través do correspondente boletín de cada proba.
- Os **deportistas non federados** terán que inscribirse **obrigatoriamente antes do martes ás 22:00 h da mesma semana da proba**. A organización xestionará coa FEDO a súa licencia de proba, que inclúe o seguro correspondente. A cota de inscrición dependerá da súa idade e da categoría na que se inscriban (Anexo I).
- A organización, na medida do posible, facilitará antes do día da proba (entre 2 e 3 días de antelación) as horas de saída dos corredores. Este documento será publicado nas páxinas web do club (<https://adcarnela.wixsite.com/web>) e Fegado e nas RR.SS.
- En cada proba, a organización poderá esixir a presentación do DNI a tódolos

deportistas non federados ou da licencia a tódolos deportistas federados co fin de confirmar que a inscrición sexa axeitada.

5. CATEGORÍAS (ver Anexo 1)

- Estableceranse as seguintes categorías básicas sen distinción de sexo:
 - **Iniciación Curta (INI CURTA):** Para nenos entre 9 e 16 anos ou participantes de calquera idade que queiran facer unha primeira aproximación a este deporte. As esixencias tanto físicas como técnicas serán moi básicas.
 - **Iniciación Longa (INI LONGA):** Pensada para participantes maiores de 16 anos e que xa saben algo deste deporte. As esixencias físicas serán un pouco maiores, pero dentro das posibilidades de calquera persoa que adoita facer algo de actividade física ou deportiva.
 - **Adestramento (ADSTR.):** Para deportistas con licencia federativa en Orientación en vigor e que queiran aproveitar as probas desta Liga Local para practicar e mellorar tanto física como tecnicamente. As esixencias nestes aspectos serán maiores.
- Permítese facer os percorridos en grupo en calquera categoría xa sexa por motivos de seguridade, lúdicos ou instrutivos. De todos xeitos, as conversas han de ser en voz baixa e nunca se debe molestar ós demais participantes.
- Se algún menor de 16 anos non federado con experiencia neste deporte quixera participar na categoría de Iniciación Longa, deberá solicitarllo á organización (ADC Arnela), quen valorará a petición e lle comunicará a autorización ou denegación da mesma, podendo asignarlle a de Iniciación Curta aínda que se inscribise na Longa.
- Se algún deportista non federado quixese participar na categoría de Adestramento, deberá contar ca autorización da organización (ADC Arnela), quen poderá asignarlle a categoría de Iniciación Longa ou Curta de non considerar oportuna a súa participación na categoría de Adestramento aínda que se inscribise nesta categoría.

6. RESULTADOS

A pesar de que o obxectivo principal da Liga é fomentar o deporte de Orientación e o deporte de base, ó remate de cada proba a organización elaborará e publicará unha clasificación individual por categorías.

As clasificacións correspondentes a cada proba serán publicadas, na maior brevidade posible, na páxina web do club ADC Arnela, na da Fegado e tamén nas RR.SS. Tamén se publicarán na propia Secretaría de cada proba ben en papel ou ben “en liña” (a través dun enlace web), cando as condicións técnicas e/ou climatolóxicas o permitan e a organización dispoña de recursos suficientes para facelo.

7. SUSPENSIÓN DE PROBAS

- A organización dunha proba poderá suspender ou aprazar a celebración da mesma antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que podan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos participantes.
- A organización propondrá outra data para a celebración da proba, e informará da mesma polos medios habituais (web do club, correos electrónicos dos deportistas, RRSS, etc).

- No suposto da suspensión ou aprazamento dunha proba, a organización negociará cos deportistas a devolución das cotas aboadas.

8. RECLAMACIÓNS

- Debido ó carácter lúdico da liga e que o obxectivo principal da mesma é o fomento do Deporte de Orientación, **non se atenderán reclamacións formais.**
- Si se admitirán **todo tipo de críticas** para tentar mellorar e non repetir erros que poidan repercutir negativamente nos propósitos fundamentais desta Liga Local de Promoción da Orientación de Porto do Son.

9. DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto neste Regulamento serán de aplicación os Regulamentos e demais normas en vigor do “Consejo Superior de Deportes” (CSD), da Federación Galega de Orientación (FEGADO), da Federación Española de Orientación (FEDO) e da Federación Internacional de Orientación (IOF).

ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS 2024

Categorías:

- INICIACIÓN CURTA: nados entre 2008 e 2014 (de 9 a 16 anos)
- INICIACIÓN LONGA: nados antes de 2008 (maiores de 16 anos).
- ADESTRAMENTO: nados antes de 2008 (maiores de 16 anos).

Cotas de inscrición en probas da Liga:

- **Socios do club ADC ARNELA:**
 - ✓ Federados: gratis.
 - ✓ Non Federados con licencia de proba (menores de 16 anos): 2,00 €.
 - ✓ Non Federados con licencia de proba (maiores de 16 anos): 3,00 €.
- **Resto de participantes:**
 - ✓ Federados: 3,00 €.
 - ✓ Non Federados con licencia de proba (menores de 16 anos): 3,00 €.
 - ✓ Non Federados con licencia de proba (maiores de 16 anos): 4,00 €.
- **Recargo por inscrición fóra de prazo (só federados): 1 euro.**
- **Aluguer de tarxeta PCard Sportident:**
 - ✓ Socios do club ADC Arnela: gratis.
 - ✓ Resto de participantes: gratis.
 - ✓ Perda da Tarxeta PCard: 12€.

ANEXO 2. CALENDARIO DA LIGA 2024

Nº	NOME	LOCALIDADE	MODALIDADE	DATA	HORARIO (aprox.)
1	Montes de Nebra	Nebra	Orientación a pé (OPé) Orientación en bicicleta (OBM)	12/05/2024	10:00 – 14:00
2	Urbana Portosín	Portosín	Orientación a pé (O Pé) urbana	23/06/2024	10:00 – 14:00
3	Monte Cabeiro	Noal e Nebra	Orientación a pé (O Pé)	1/09/2024	10:00 – 14:00
4	Monte Enxa	Baroña	Orientación a pé (O Pé)	20/10/2024	10:00 – 14:00
5	Micro sprint Porto do Son	Porto do Son	Orientación a pé (O Pé) urbana	7/12/2024	17:00 – 21:00
6	Nocturna urbana Porto do Son	Porto do Son	Orientación a pé (O Pé) urbana	28/12/2024	18:00 – 22:00